

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de decembro de 2015, aprobou o expediente de contratación para a EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE NO EDIFICIO AULA DE INTERPRETACIÓN DO RÍO CHAMOSO, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

1. Entidade Adxudicadora:
 - a. Organismo: Concello do Corgo (Lugo)
 - b. Dependencia na que se tramita o expediente: Secretaría.
 - c. Número de expediente:1/2016
2. Obxecto do contrato:
 - a. Descrición do obxecto: Explotación da cafetería-restaurante no edificio aula de interpretación do Río Chamoso.
 - b. División por lotes e número: Non hai.
 - c. Lugar de execución: Edificio na Praia Fluvial do Río Chamoso (Abuín, Corgo)
 - d. Prazo de execución: a duración será de 2 anos que se computarán a partir da acta de inicio da explotación, podendo ser prorrogado o dito prazo por períodos anuais ata un máximo de un ano máis.
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:
 - a. Tramitación: ordinaria.
 - b. Procedemento: aberto.
4. Canon a pagar polo adxudicatario: establécese un mínimo de 254,24 € mensuais en concepto de prezo e 45,76 € mensuais en concepto de IVE (300 euros mensuais IVE incluído). O canon mínimo a pagar en tres anos ascende a 9.152,64 €, sen IVE, e 1.647,36 € de IVE
5. Garantías: Definitiva: 5% sobre o importe de adxudicación, excluído o IVE.
6. Obtención de documentación e información:
 - a. Entidade: Concello do Corgo
 - b. Domicilio: Estrada Nacional VI, s/n
 - c. Localidade e Código Postal: O Corgo, 27163
 - d. Teléfono e fax: 982302100 / 982302068
 - e. Correo electrónico: concello.ocorgo@eidolocal.es.
 - f. Dirección de internet do perfil do contratante: www.concellodocorgo.com
 - g. Data límite de obtención de documentos e información: Ata o vixésimo día posterior á data de publicación deste anuncio (ós efectos do cómputo dos prazos indícase que os días son naturais).
7. Requisitos específicos do contratista:
 - a. Clasificación: Non se esixe.
 - b. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: non se esixe.
8. Presentación das ofertas:
 - a. Data límite de presentación: 20 días naturais contados desde a publicación deste anuncio no B.O.P. Tamén poderán enviarse por correo. Se ben neste caso deberá acreditarse tal como establece a cláusula 9ª do

prego, advertindo que transcorridos 4 días hábiles desde que finalizou o prazo de presentación, NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA PROPOSICIÓN.

- b. Documentación a presentar: a esixida na cláusula 10ª do prego.
- c. Lugar de presentación: No rexistro xeral do Concello do Corgo, Estrada Nacional VI s/n, 27163 O Corgo.

9. Apertura das ofertas:

- a. Lugar: Casa do Concello do Corgo, Estrada N VI s/n, O Corgo.
- b. Data: sexto día hábil posterior a contar desde a data de terminación do prazo de presentación de ofertas, sempre que non coincida en sábado, en tal caso abriríanse o primeiro día hábil seguinte.
- c. Hora: 11:00 horas.

10. Outras informacións:

- a. Criterios que servirán de base para a adxudicación: Valoración do incremento no canon a pagar.

11. Gastos dos anuncios: serán por conta do contratista adxudicatario.